

## Á INTEMPERIE

Amarnos  
nadar na abundancia  
e medo a afogamos se ansiábamos demasiado  
até aforrarmos o seu brinde a favor doutros desexos.

Pero un día abandonounos o norte do amor  
coas súas mareas altas  
sen avisar  
como soen ocorrer as traxedias cotiás.  
Quedamos á intemperie  
sen rastro de horizonte  
a guiamos únicamente polas bandadas de aves  
que de cando en vez avistábamos.  
Descifrar un mínimo aceno, un minúsculo indicio no voo

algo que delatase o rumbo do amor  
talvez fose alentador  
pero nada houbo  
nin un ínfimo asomo  
e no mar de augas profundas que navegamos

agora faise pé.

## DÓESME

Dóesme naquel que fuches arraigado na miña pel.  
Dóesme naqueloutro que atesouro na miña memoria prístina  
e que inexorablemente desexo que sexas.  
Dóesme en todos aqueles cos que moceo  
buscando praceres efémeros.  
Dóesme en cada home co que me deito e que non amo.  
Dóesme coma quen morre a destempo  
e, de morta, coa alma penando na Santa Compañía  
seguirasme a doer  
en cada lugar que se revele cálido e insidiosamente familiar  
até que non me queden espazos afastados abondo  
onde fuxir  
nin terras desacostumadas  
nas que sobrepoñerme.  
Será entón cando por fin me desprenda de ti  
e, aínda así, doerasme unha última vez  
a do tempo exacto que me leve mudar a camisa  
da serpe en que me converta  
liberando así  
definitivamente  
a miña Eva.

## NOSOUTROS, QUE TANTO NOS AMAMOS

Nosoutros, que tanto nos amamos  
vimos enchérsenos a casa de mentiras  
de segredos delongados polas esquinas  
onde antes sufocamos a teimosía dos corpos.

Xa non nos atopamos no corredor  
agora un océano reflectindo o baleiro  
nos ollos inmensos das paredes que nos miran  
sen entender do silencio.

A hora da comida foise encollendo até se converter  
na hora deshabitada]  
despois a cama modificou as súas medidas coma  
o leito de Procusto]  
ensanchando polo medio e reducíndose polos extremos.

Mudáronnos os gustos  
parecía que gozáramos coa furia das palabras  
sen recoñecemos na distancia que se impuxo.

Sen reparar convertémonos en vésperas  
de todo canto nos deramos  
en sufrintes estraños que quixera despedir  
coa voz bisbeante coa que se despiden os amantes  
sabendo do imposible  
e da crucifixión.

Nosoutros, que tanto nos amamos!

## OS PÉS DA MONTAÑA

Amor, dáste conta de canto raedrou o tempo?  
Está case vello.  
Envolto nos anos de barro e mel vainos deixando o seu pouso  
todo aquilo que non serve  
sedimentado no sangue.  
Como dicirche que alleos aos sentidos e ao latexo  
da Serra do Xistral]  
foi decantándose o pulo do amor baixo varias capas de pel  
minorando a perspectiva  
de como o pulso da vida perde altura.

Amor, todo parecía perfecto como me dicías!  
Até que chegaron as choivas torrenciais como animais salvaxes  
deixando espidas as lameiras, os golpes baixos  
e os odios que non refutamos.  
Como dicirche que teño un mal presaxio?  
Que non é a choiva, nin a rocha, que o perigo está por chegar.  
Que cando a tormenta pase  
os correntamentos de terra deixarán ao aire profundas gretas  
entre ti e máis eu.

Amor, como dicirche que se nos descoidamos  
nin o sangue nobre que preservamos naquel lugar de mel  
fará medrar os pés da montaña!  
Que xa non nos quedarán As Pombas nin Os Ancares  
nin un Annapurna que nos salve.

Luz Campello, *Ben sabe o mar que posúo o botín dos piratas,*  
Galaxia, Vigo, 2022.